

Artigo 3. Sancións.

1. As infraccións a que se refire o artigo anterior poderán dar lugar á imposición das seguintes sancións:

a) No caso de infraccións moi graves, aplicarase unha multa de 9.983.326 a 199.663.200 pesetas (60.001 a 1.200.000 euros).

b) No caso de infraccións graves aplicarase unha multa de 499.324 a 9.983.160 pesetas (3.001 a 60.000 euros).

c) No caso de infraccións leves aplicarase unha multa de 99.831 a 499.158 pesetas (600 a 3.000 euros).

2. As sancións graduaranse atendendo ás circunstancias do responsable, grao de culpa demostrada, reiteración, participación e beneficio obtido, número de animais afectados e grao do dano económico causado ou do perigo en que se puxese a saúde das persoas ou a sanidade dos animais.

Artigo 4. Sancións accesorias.

No suposto da comisión de infracción grave ou moi grave, o órgano encargado de resolver poderá impor como sanción accesoria algunha das seguintes medidas:

a) Medidas de corrección, seguranza ou control que impidan a continuidade na produción do dano.

b) Comiso de produtos prohibidos na alimentación dos animais de produción ou que poidan entrañar risco para a saúde ou sanidade animal.

c) Comiso dos produtos cárnicos e derivados destinados ó consumo humano, cando poidan entrañar risco para a saúde humana.

d) Clausura temporal, parcial ou total do establecemento.

e) Suspensión temporal da autorización para o exercicio da actividade pola empresa.

Artigo 5. Infraccións e sancións relativas ó transporte.

1. Ás infraccións relativas ó traslado, desprazamento, transporte e movemento pecuario cara a ou desde os Estados membros, e exportacións e importacións de países terceiros, seranlles de aplicación as sancións previstas para o territorio nacional no artigo 103 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

2. Nos supostos de infracción grave e moi grave previstos no artigo 103 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, así como nos supostos previstos no número anterior do presente artigo, o órgano encargado de resolver poderá impor como sanción accesoria algunha das medidas que se establecen no artigo anterior desta lei.

Así mesmo, será de aplicación o disposto no artigo 7 desta lei sobre adopción de medidas provisionais.

Artigo 6. Potestade sancionadora.

O exercicio da potestade sancionadora en aplicación da presente lei corresponderá ós órganos competentes das comunidades autónomas e á Administración xeral do Estado, no ámbito das súas respectivas competencias.

Esta potestade sancionadora corresponderá á Administración do Estado conforme determinen as súas normas orgánicas e, en todo caso, ó Consello de Ministros nos supostos de infraccións moi graves, cando se trate de actuacións producidas no seo de procesos de importación ou exportación correspondentes ó ámbito do comercio exterior.

Artigo 7. Adopción de medidas provisionais.

Cando se iniciase un procedemento sancionador, as administracións públicas competentes poderán adoptar ou esixir, mediante acordo motivado, algunha ou algunhas das seguintes medidas provisionais:

a) As medidas que figuran nas alíneas a), d) e e) do artigo 4 desta lei.

b) Precintaxe de aparellos, equipamentos ou vehículos.

Artigo 8. Concorrenza de sancións.

1. A responsabilidade polas accións ou omisións tipificadas nesta lei é de natureza administrativa e non exclúe as doutra orde a que houber lugar.

2. As sancións que se impoñan a distintos suxeitos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

3. Non se poderán sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

4. Cando a infracción puidese ser constitutiva de delito ou falta, darase traslado do tanto de culpa ó Ministerio Fiscal, suspendéndose a tramitación do procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dictase resolución firme ou que poña fin ó procedemento. Os feitos declarados probados na resolución xudicial firme vincularán o órgano administrativo.

5. De non apreciarse a existencia de delito ou falta, o órgano administrativo competente continuará o expediente sancionador.

Disposición adicional única. Carácter básico.

A presente lei constitúe lexislación básica ó abeiro das regras 1.^a e 16.^a do artigo 149.1 da Constitución, salvo o artigo 6.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

58 REAL DECRETO 1415/2001, do 14 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de catalogación da defensa. («BOE» 3, do 3-1-2002.)

A Orde ministerial 636/10024/86, do 24 de abril, declarou de uso obrigatorio nas Forzas Armadas e na Garda Civil, no tocante á súa dependencia do Ministerio de Defensa, o Sistema OTAN de Codificación.

A Orde 40/1986, do 14 de maio, aprobou o Regulamento de catalogación da defensa como instrumento xurídico administrativo do Ministerio de Defensa no campo da catalogación de artigos.

A implantación por España do citado sistema trouxo como consecuencia a necesidade de introducir nos contratos de adquisición de materiais, que se celebren entre as Forzas Armadas e os contratistas nacionais e estranxeiros, a cláusula contractual de catalogación, o cal se regulou mediante a Resolución 88/1986, do 29 de outubro, do director xeral de Armamento e Material, pola que se establece a devandita obrigatoriedade e se aproba a cláusula xeral contractual de catalogación, ós termos da cal se deben axustar as cláusulas particulares aplicables en cada caso.

A importancia que para a loxística dos exércitos teñen as actuacións de catalogación en tódolos seus ámbitos, aconsella a máxima implicación deles nesta actividade, polo que se considerou necesario reasignar as diversas competencias actualmente establecidas por regulamento neste campo, creando a Comisión de Catalogación da Defensa, coa responsabilidade básica de definir a política e plans de catalogación do Ministerio de Defensa, e deixando a actual Comisión Interexércitos de Catalogación, á que se lle asigna unha nova denominación máis acorde coas súas competencias, como órgano técnico de traballo.

Así mesmo, considerouse necesario seguir incluíndo no ámbito de aplicación do novo regulamento a Garda Civil, en canto que este instituto armado utiliza material específico de defensa.

Tamén se fai necesario regular as actuacións que neste campo poden ter as empresas, ben como subministradoras de produtos, ben como empresas de servizos de catalogación, establecendo en cada caso o procedemento e requisitos para que as empresas que o desexen sexan acreditadas como empresas catalogadoras.

Ademais, pola crecente evolución e internacionalización do Sistema OTAN de Codificación, co que comporta de relacións con países terceiros non pertencentes á OTAN, e en previsión da posible e desexable futura extensión nacional do Sistema de Catalogación a outros ministerios e organismos da Administración pública, como é usual noutras nacións, requírese a existencia dunha autoridade nacional de catalogación. Dada a actual utilización do sistema de catalogación exclusivamente no ámbito do Ministerio de Defensa e industrias relacionadas, a autoridade máis adecuada para este nomeamento é a que ten dentro deste departamento a responsabilidade nesta materia.

Por todo iso, procede dotarse dun novo instrumento xurídico administrativo no que se unifiquen as diversas normas existentes, se recollan as consideracións anteriores así como todas aquelas modificacións derivadas dos cambios legislativos habidos desde a promulgación do anterior Regulamento de catalogación.

Na súa virtude, por proposta conxunta do vicepresidente primeiro e ministro do Interior no que se refire á Garda Civil e do ministro de Defensa, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de decembro de 2001,

DISPONGO:

Artigo 1. *Aprobación do Regulamento de catalogación da defensa.*

Apróbase o Regulamento de catalogación da defensa que se insire a continuación deste real decreto.

Artigo 2. *Designación da autoridade nacional de catalogación.*

Designase o director xeral de Armamento e Material como autoridade nacional de catalogación.

Disposición transitoria única. *Expedientes en tramitación.*

Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto continuarán rexéndose pola normativa ata agora vixente.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas a Orde ministerial 40/1986, do 14 de maio, pola que se aproba o Regulamento de catalogación da defensa, e a Resolución do director xeral de Armamento e Material 88/1986, do 29 de outubro, pola que se aproba a cláusula xeral contractual de catalogación.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

REGULAMENTO DE CATALOGACIÓN DA DEFENSA

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Finalidade deste regulamento.*

Este regulamento ten por finalidade establecer e regular a estrutura e funcionamento dos distintos órganos e chanzos que integran a organización da catalogación da defensa e a súa relación coas empresas e outras entidades participantes na catalogación e usuarias dos seus datos, así como determina-lo sistema uniforme e único que se vai utilizar no ámbito do Ministerio de Defensa para a identificación dos materiais e recambios obxectos de xestión loxística.

Artigo 2. *Sistema de catalogación adoptado.*

O sistema adoptado por España, trala ratificación e implantación dos acordos de normalización OTAN (STANAGs) 3150, 3151, 4177, 4199 e 4438, é o Sistema OTAN de Codificación, declarado de uso obrigatorio no ámbito do Ministerio de Defensa, que debidamente adaptado para a súa aplicación nacional, se denomina Sistema de Catalogación da Defensa.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación do Sistema de Catalogación da Defensa.*

O Sistema de Catalogación da Defensa será o utilizado polo órgano central do Ministerio de Defensa, o Exército de Terra, a Armada, o Exército do Aire e a Garda Civil, esta última respecto ó material de uso específico de defensa, podendo estende-la súa utilización a todo tipo de material, segundo o seu criterio.

Así mesmo, utilizarase o Sistema de Catalogación da Defensa no ámbito internacional, para as necesarias relacións cos outros países participantes no Sistema OTAN de Codificación, acomodándoo á evolución del.

Artigo 4. *Obxectivos do Sistema de Catalogación da Defensa.*

Os obxectivos son:

a) Denominar, clasificar, identificar e numerar cada un dos artigos de fornecemento usados no ámbito de aplicación anteriormente definido, conforme as regras e procedementos establecidos polo Sistema de Catalogación da Defensa, de forma que cada un deles teña unha identidade única e inequívoca para tódolos seus usuarios.

b) Obter, manter, publicar e difundir os datos de identificación e de xestión que se determinen, dos artigos anteriores, conforme as regras do Sistema de Catalogación da Defensa.

Artigo 5. *Definicións.*

1. Artigo de produción.

Artigo de produción é cada unha das pezas ou obxectos (xa sexa sistemas ou conxuntos de utilización final, ou elementos, compoñentes, conxuntos e subconxuntos constitutivos del) producidos por un fabricante conforme os seus propios planos de enxeñería, especificacións e requisitos de calidade e identificados polo devandito fabricante mediante un código de referencia de artigo.

Os artigos identificados por un mesmo fabricante baixo unha mesma referencia son un mesmo artigo de produción dese fabricante.

2. Artigo de fornecemento.

Artigo de fornecemento é todo artigo de produción, dun ou de máis fabricantes, seleccionado por unha autoridade técnica competente para satisfacer unha determinada necesidade loxística de material, ó fin da cal constitúe obxecto de xestión loxística.

Neste sentido, poderá ser artigo de fornecemento tanto un sistema, conxunto de utilización final ou equipo, como aqueles materiais, artigos, elementos, compoñentes, conxuntos e subconxuntos del, necesarios para o seu mantemento operativo; non terán tal consideración os bens inmobles nin os grandes conxuntos de carácter único ou de adquisición infrecuente e, en xeral, os artigos que se adquiran con carácter excepcional ou estean destinados a fins experimentais ou de investigación.

En calquera caso, todo artigo de fornecemento defínese como tal en función de consideracións loxísticas e técnicas que, finalmente, establecen criterios de diferenciación e exclusividade.

Todo artigo de fornecemento se identifica mediante un número OTAN de catálogo. A expresión de distintas necesidades loxísticas determina conceptos de artigo de fornecemento distintos, identificados por números OTAN de catálogo distintos.

3. Número OTAN de catálogo.

Número de trece díxitos e estrutura normalizada que identifica os artigos de fornecemento incluídos no Sis-

tema de Catalogación da Defensa. Constitúe a clave de identificación máis idónea para utilizar nos sistemas de xestión loxística dos organismos usuarios correspondentes.

A asignación de números OTAN de catálogo ós artigos nacionais é realizada e controlada pola Oficina Nacional de Catalogación OTAN Española.

4. Catalogación.

Catalogación é o proceso uniforme, o desenvolvemento do cal permite denominar, clasificar, identificar e numerar os artigos de fornecemento, garantindo o establecemento dunha identidade universal, única e diferenciada para cada un deles, e a difusión da información correspondente ós organismos usuarios interesados, conforme as regras e procedementos do Sistema de Catalogación da Defensa.

5. Proposta de identificación de artigo.

Enténdese por proposta de identificación de artigo a expresión codificada dos datos de denominación, de clasificación, de referencias de fabricantes e de características físicas e funcionais dun artigo de fornecemento, conforme as regras, formatos e soportes estipulados polo Sistema de Catalogación da Defensa.

Artigo 6. *Artigos obxecto de catalogación e inclusión no Sistema de Catalogación da Defensa.*

Serán obxecto de catalogación e inclusión no Sistema de Catalogación da Defensa só os seguintes artigos:

a) Os artigos de fornecemento de fabricación nacional ou estranxeira, adquiridos ou que vaian ser adquiridos polo órgano central do Ministerio de Defensa, Forzas Armadas e Garda Civil, esta última respecto ó material de uso específico de defensa, podendo incluír todo tipo de material, segundo o seu criterio.

b) Os artigos de fornecemento de fabricación nacional que adquiran organismos estranxeiros que utilizan o Sistema OTAN de Codificación, cando así o soliciten, aínda que non os usen o órgano central do Ministerio de Defensa, as Forzas Armadas e a Garda Civil.

Artigo 7. *Normativa aplicable.*

Os textos reguladores aplicables ó Sistema de Catalogación da Defensa son os seguintes:

a) Este regulamento.

b) Os manuais nacionais e internacionais e publicacións complementarias aplicables e vixentes en cada momento, mantidos ou difundidos polo órgano central do Servicio de Catalogación de Defensa.

CAPÍTULO II

Autoridades e órganos competentes

Artigo 8. *Autoridades e órganos*

As autoridades e órganos que interveñen nas diversas actividades da catalogación no ámbito de defensa, son as seguintes:

a) O director xeral de Armamento e Material, como autoridade nacional de catalogación.

b) A Comisión de Catalogación de Defensa, que é o órgano colexiado que baixo a presidencia do director xeral de Armamento e Material acorda a política e plans de catalogación do Ministerio de Defensa.

c) A Comisión Técnico-Asesora de Catalogación, que é o órgano de traballo para as actividades de cata-

logación e de asesoramento e apoio das actuacións da Comisión de Catalogación e do director xeral de Armamento e Material.

d) A Unidade de Catalogación da Dirección Xeral de Armamento e Material, que exerce as funcións de terceiro chanzo ou órgano central do Servicio de Catalogación de Defensa, de Oficina Nacional de Catalogación OTAN e de Secretaría Permanente das Comisións de Catalogación de Defensa e Técnico-Asesora de Catalogación.

e) Os órganos de catalogación das Forzas Armadas e da Garda Civil, que exercen as funcións de segundos e primeiros chanzos do Servicio de Catalogación de Defensa.

Artigo 9. *Director xeral de Armamento e Material.*

O director xeral de Armamento e Material, como autoridade nacional de catalogación, terá as seguintes atribucións:

- a) Presidir a Comisión de Catalogación de Defensa.
- b) Aproba-lo Plan Anual Conxunto de Catalogación que vaia ser desenvolvido polas Forzas Armadas e pola Garda Civil.
- c) Remitirlle á Secretaría Xeral Técnica os proxectos de regulamentos e outras disposicións relativas á catalogación de defensa que requiran regulación e promulgación oficial.
- d) Someter á aprobación do ministro de Defensa os acordos bilaterais sobre cooperación na área de catalogación de artigos de material de defensa que se considere de interese subscribir con países terceiros non pertencentes á OTAN e os seus termos correspondentes.
- e) Autoriza-los certificados de recoñecemento de empresas catalogadoras, xa sexan subministradoras ou de servizos que, logo de avaliación favorable, propoña a Comisión Técnico-Asesora de Catalogación, e aproba-los termos dos correspondentes acordos reguladores da mutua colaboración e apoio no campo da catalogación, caso de que procedan, así como revoga-los devanditos recoñecementos e acordos, autorizando o cesamento dos apoios relacionados ás devanditas empresas que igualmente propoña a citada comisión, podendo delegar estas actuacións no subdirector xeral de Inspección e Servizos Técnicos.

Artigo 10. *Comisión de Catalogación de Defensa.*

1. Créase con carácter permanente, adscrita á Dirección Xeral de Armamento e Material, a Comisión de Catalogación de Defensa, que terá as atribucións seguintes:

- a) Emitir informe sobre os plans ou programas anuais e especiais sobre catalogación elaborados e propostos pola Comisión Técnico-Asesora de Catalogación como base para a redacción do Plan Anual Conxunto, establecendo as necesidades, prioridades e áreas de interese.
- b) Establece-las liñas doutrinarias e os procedementos da catalogación aplicables no ámbito nacional.
- c) Promove-lo desenvolvemento e mantemento do Sistema de Catalogación da Defensa no ámbito das Forzas Armadas e Garda Civil, establecendo as liñas de actuación pertinentes para a súa realización.
- d) Emitir informe sobre os proxectos de regulamentos e outras disposicións relativas á catalogación de defensa.
- e) Establecer e unifica-los criterios para a avaliación das empresas interesadas en ser recoñecidas como empresas catalogadoras, así como determina-los termos xerais dos acordos reguladores da mutua colaboración e apoio no campo da catalogación.

f) Calquera outra atribución que axude ó mellor desenvolvemento e promoción do Sistema de Catalogación da Defensa ou que considere a Comisión Técnico-Asesora ou o propio director xeral de Armamento e Material, debe acometerse no seo desta comisión.

2. A Comisión de Catalogación de Defensa terá a seguinte composición:

- a) Presidente: director xeral de Armamento e Material.
- b) Vocais: director xeral de Política Tecnolóxica do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, xefes dos mandos e xefaturas de apoio loxístico dos tres exércitos, xefe da División de Plans do Estado Maior Conxunto da Defensa, subdirector xeral de Apoio da Dirección Xeral da Garda Civil e subdirector xeral de Inspección e Servizos Técnicos da Dirección Xeral de Armamento e Material.
- c) Secretario: xefe da Unidade de Catalogación da Dirección Xeral de Armamento e Material.

3. Os membros da Comisión de Catalogación recibirán, a través da Secretaría Permanente, información sobre as actuacións da Comisión Técnico-Asesora.

4. A comisión poderá reunirse en sesións ordinarias e extraordinarias, e deberá celebrar anualmente unha reunión ordinaria e tantas extraordinarias como sexa preciso.

5. As actuacións da comisión axustaranse no non previsto neste regulamento ó disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Comisión Técnico-Asesora de Catalogación.*

1. Como órgano permanente e colexiado de traballo para as actividades de catalogación e de asesoramento e apoio das actuacións da Comisión de Catalogación de Defensa e do director xeral de Armamento e Material, créase, adscrita á Dirección Xeral de Armamento e Material, a Comisión Técnico-Asesora de Catalogación, co obxecto xeral de promover e participar no desenvolvemento e seguimento coordinado do Sistema de Catalogación da Defensa, co fin de garanti-la necesaria aplicación uniforme del, e á que corresponderán as funcións que se expoñen a continuación:

- a) Estudiar, informar e propoñer, se é o caso, á Comisión de Catalogación, os asuntos de catalogación de interese para o conxunto das Forzas Armadas e da Garda Civil.
- b) Elabora-los plans e prioridades de catalogación de artigos das Forzas Armadas e da Garda Civil e propoñelos para aprobación do director xeral de Armamento e Material como Plan Anual Conxunto, no seo da Comisión de Catalogación de Defensa.
- c) Realiza-lo seguimento e vixilancia do cumprimento dos plans e previsións anuais aprobadas así como as actuacións dos distintos chanzos do Servicio de Catalogación de Defensa e outras entidades participantes na catalogación.
- d) Elabora-los proxectos de regulamentos e cantas disposicións relativas á catalogación de defensa se considere que deben ser promulgadas oficialmente.
- e) Elabora-los informes e realiza-los traballos que lle sexan encomendados pola Comisión de Catalogación de Defensa ou polo director xeral de Armamento e Material.
- f) Velar pola aplicación dos criterios establecidos para a catalogación de artigos e polo cumprimento dos programas que se establezan.
- g) Estudiar e propoñer para aprobación pola Comisión de Catalogación, a doutrina e procedementos de catalogación aplicables ó ámbito nacional, así como a

redacción e mantemento dos manuais de catalogación e publicacións complementarias aplicables.

h) Resolve-las discrepancias e conflitos que poidan xurdir na aplicación doutrinal e procedemental entre chanzos e outras entidades.

i) Elaborar e someter a aprobación pola Comisión de Catalogación, os plans anuais de formación e cursos.

j) Realiza-lo proceso formal de avaliación de novas empresas catalogadoras, mediante a designación dun grupo de traballo para o efecto, e informar e eleva-las propostas de recoñecemento e os acordos reguladores do mutuo apoio e colaboración que procedan en cada caso, para a súa autorización polo director xeral de Armamento e Material.

k) Realiza-lo seguimento e vixilancia das actuacións e calidade dos traballos de catalogación das empresas recoñecidas como catalogadoras, elevándolle informe e propoñéndolle ó director xeral de Armamento e Material a revogación de tal recoñecemento e dos acordos de mutua colaboración e apoio nos casos que así proceda.

2. A Comisión Técnico-Asesora de Catalogación estará composta por:

A) Presidente: o subdirector xeral de Inspección e Servicios Técnicos da Dirección Xeral de Armamento e Material.

B) Vicepresidente: o xefe da Área de Regulación Industrial da Subdirección Xeral de Inspección e Servicios Técnicos.

C) Vocais:

a) Un representante con rango, polo menos, de xefe de Área da Dirección Xeral de Política Tecnolóxica do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

b) O xefe da Unidade de Catalogación da Dirección Xeral de Armamento e Material.

c) Os xefes das seccións de Catalogación de cada un dos tres exércitos e da Garda Civil.

D) Secretario: un oficial da Unidade de Catalogación da Dirección Xeral de Armamento e Material.

3. O director xeral de Armamento e Material, por proposta do presidente da Comisión Técnico-Asesora de Catalogación, poderá dispoñer que asista ás reunións da comisión calquera representante de organismos, asociacións ou empresas a colaboración dos cales se xulgue necesaria ou conveniente para os fins propios da catalogación. Estes representantes terán voz, pero non voto.

4. A Comisión Técnico-Asesora poderá crear aqueles grupos de traballo que se consideren necesarios para o estudo de asuntos concretos de índole técnica. Estes grupos non terán carácter permanente.

5. As actuacións da comisión axustaranse no non previsto neste regulamento ó disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 12. *Organismos xestores do Sistema de Catalogación da Defensa.*

1. Os organismos xestores do Sistema de Catalogación da Defensa agrúpanse na organización do Servicio de Catalogación de Defensa, que se estrutura nunha xefatura e tres chanzos funcionais.

2. Correspóndelle ó subdirector xeral de Inspección e Servicios Técnicos da Dirección Xeral de Armamento e Material a Xefatura do Servicio de Catalogación de Defensa.

3. Os tres chanzos funcionais que compoñen a estrutura do Servicio de Catalogación de Defensa son os seguintes:

a) Terceiro chanzo: órgano central do Servicio de Catalogación de Defensa.

b) Segundo chanzo: seccións de catalogación dos cuarteis xerais dos tres exércitos e da Dirección Xeral da Garda Civil.

c) Primeiro chanzo: equipos de identificación.

Artigo 13. *Órgano central do Servicio de Catalogación de Defensa. Terceiro chanzo.*

1. O órgano central do Servicio de Catalogación de Defensa (terceiro chanzo) é a Unidade de Catalogación da Subdirección Xeral de Inspección e Servicios Técnicos da Dirección Xeral de Armamento e Material, e é o organismo central e único encargado da dirección, coordinación e control da aplicación do Sistema de Catalogación no ámbito nacional da Defensa.

2. Para efectos das necesarias relacións internacionais con outros países participantes no Sistema OTAN de Codificación, o órgano central exerce tamén as funcións de Oficina Nacional de Catalogación OTAN Española, e representa o Servicio de Catalogación de Defensa nas súas relacións con entidades e organismos análogos internacionais.

Así, correspóndelle a este órgano elevar informe e propoñerlle ó director xeral de Armamento e Material os acordos bilaterais sobre cooperación na área de catalogación de artigos de material de defensa que se consideren de interese subscribir con países terceiros non pertencentes á OTAN e redacta-los termos correspondentes.

3. Dentro do marco da organización nacional, corresponderanlle a este organismo as seguintes misións:

a) Establecer criterios técnicos de actuación e calidade, promovendo a súa implantación nos segundos e primeiros chanzos así como nas empresas fabricantes e de servicios acreditadas como catalogadoras, para asegurar a homoxeneidade na aplicación nacional do Sistema de Catalogación.

b) Manter, actualizar e difundir-los manuais e as publicacións relacionadas co Sistema de Catalogación.

c) Elevar para o seu estudo pola Comisión Técnico-Asesora o manual e publicacións complementarias que se redacten, coordinando os procesos de aprobación de cambios posteriores.

d) Desenvolver, manter e realiza-las necesarias aplicacións informáticas do Sistema de Catalogación da Defensa, promovendo o seu emprego unificado nas Forzas Armadas, Garda Civil e outras entidades colaboradoras na catalogación nacional.

e) Asigna-los números OTAN de Catálogo nacionais ós artigos de fornecemento de fabricación ou deseño nacional que se teñan que incluír no Sistema de Catalogación da Defensa.

f) Asignar códigos ós subministradores (fabricantes e non fabricantes), para a súa identificación uniforme nos bancos de datos e publicacións de catalogación de artigos, mantendo para os efectos as necesarias relacións con eles.

g) Constituír e mante-los bancos de datos de catalogación de Defensa e publicar e difundir-lo Catálogo de Artigos de Defensa.

h) Presentarlle á Comisión Técnico-Asesora os plans para a debida difusión do Sistema de Catalogación da Defensa no ámbito nacional, mediante a proposta dos cursos divulgativos, formativos e de actualización que sexan oportunos para tódolos niveis, e desenvolverlos unha vez aprobados.

i) Representa-lo Servicio de Catalogación de Defensa nas súas relacións con outras entidades e organismos análogos nacionais.

j) Asesorar tecnicamente os órganos de contratación do órgano central do Ministerio de Defensa en materia de procedencia de inclusión e redacción de cláusulas administrativas particulares de catalogación nos contratos de adquisición de material e recambios que formalicen os devanditos órganos.

k) Impulsar en todo o ámbito do Ministerio de Defensa e da Dirección Xeral da Garda Civil, esta última respecto ó material específico de defensa, o cumprimento da esixencia das devanditas cláusulas, e particularmente efectua-lo seguimento do seu cumprimento polos contratistas, naqueles contratos do órgano central en que así se prevé, emitindo os certificados de recepción da catalogación unha vez realizada esta a satisfacción; estas funcións poderanse delegar nos segundos chanzos dos tres exércitos e da Garda Civil, cando estes vaian ser destinatarios ou xestores dos materiais ou recambios correspondentes.

l) Realizar calquera outra actividade que axude para o mellor cumprimento e desenvolvemento do Sistema de Catalogación da Defensa.

Artigo 14. *Seccións de catalogación. Segundo chanzo.*

1. As seccións de catalogación (segundo chanzo) son os organismos únicos que en cada un dos tres exércitos e da Garda Civil, baixo a dependencia técnica do órgano central do Servicio de Catalogación de Defensa (terceiro chanzo), exercen a dirección, coordinación e control técnico da catalogación dentro dos seus ámbitos respectivos.

2. A designación dun organismo desta natureza implicará para a autoridade orgánica correspondente, o recoñecemento para este organismo da tarefa específica que lle corresponde como integrante do Servicio de Catalogación de Defensa.

3. Corresponderanlles a estes organismos as seguintes misións:

a) Establecer criterios técnicos de actuación específica nos seus primeiros chanzos subordinados así como nas empresas fabricantes e de servicios acreditadas como catalogadoras, no seu papel de contratistas ou subcontratistas, para asegura-la adecuada aplicación do Sistema de Catalogación da Defensa nos seus ámbitos respectivos.

b) Executa-las ordes técnicas dimanantes do órgano central do Servicio de Catalogación de Defensa aprobadas polo xefe do Servicio de Catalogación de Defensa.

c) Participar activamente no mantemento e mellora do Sistema de Catalogación da Defensa, mediante o estudo e proposta de cambios e novos procedementos de aplicación nacional que poidan ser convenientes, e nos grupos de traballo que designe para os mesmos efectos a Comisión Técnico-Asesora de Catalogación.

d) Promove-la asignación de códigos de subministrador (fabricante e non fabricante), mantendo ó seu nivel as necesarias relacións con eles.

e) Elevar ó terceiro chanzo as propostas de catalogación de artigos orixinadas nos seus ámbitos respectivos, logo de aplicación dos adecuados procesos de verificación da calidade dos datos relacionados.

f) Constituír, en correspondencia co Banco de Datos de Catalogación de Artigos de Defensa, os ficheiros de información necesarios para o apoio á loxística respectiva.

g) Publicar, se é o caso, os catálogos de materiais nos seus ámbitos respectivos.

h) Establece-las necesarias relacións de enlace cos restantes organismos dos exércitos e da Garda Civil.

i) Asesorar tecnicamente os órganos de contratación dependentes do exército correspondente ou da Garda Civil, en materia de procedencia de inclusión e redac-

ción das cláusulas administrativas particulares de catalogación nos contratos de adquisición de material e recambios que formalicen os devanditos órganos.

j) Impulsar no seu ámbito o cumprimento da esixencia das citadas cláusulas, e efectua-lo posterior seguimento do seu cumprimento polos contratistas, cando así proceda, podendo auxiliarse dos seus primeiros chanzos para estas funcións, e emitindo os certificados de recepción da catalogación, unha vez cuberta esta a satisfacción.

k) Realizar tódalas demais funcións que sexan necesarias para o mellor cumprimento e desenvolvemento do Sistema de Catalogación da Defensa ó seu nivel.

Artigo 15. *Equipos de identificación. Primeiro chanzo.*

1. Os equipos de identificación (primeiro chanzo), situados nas unidades, centros e organismos loxísticos que sexan determinados polos cuarteis xenerais dos tres exércitos e a Dirección Xeral da Garda Civil, exercen as misións que este regulamento e o Manual de Catalogación especifican para eles, baixo a dependencia técnica das seccións de catalogación (segundo chanzo) correspondentes. Organizaranse nas subdivisións que sexan necesarias para a mellor estruturación e operatividade do Sistema de Catalogación da Defensa en cada ámbito respectivo.

2. A creación dun organismo desta natureza implicará, para a autoridade orgánica correspondente, o recoñecemento para este organismo da tarefa específica que lle corresponda como integrante do Servicio de Catalogación de Defensa.

3. Corresponderanlles a estes organismos as seguintes misións:

a) Elevar ó segundo chanzo respectivo as propostas de catalogación dos materiais e artigos de fornecemento non catalogados xestionados pola unidade, centro ou organismo (UCO) loxístico no que estean encadrados e as daqueles que lles asigne o citado segundo chanzo; para iso recadarán os datos técnicos necesarios, por si mesmos ou co apoio dos servicios técnicos do seu UCO.

b) Elevar con posterioridade ó segundo chanzo respectivo as propostas de actualización de datos de catalogación e corrección de erros relativos ós anteriores materiais e artigos, participando activamente na mellora da calidade das identificacións correspondentes.

c) Auxilia-lo segundo chanzo respectivo no seguimento e control da catalogación dos artigos que se determinen entre os que se adquiren a nivel da UCO na que estean encadrados.

d) Realizar tódalas demais funcións que sexan necesarias ou lles sexan asignadas polo seu segundo chanzo, para a mellor aplicación e desenvolvemento do Sistema de Catalogación da Defensa.

CAPÍTULO III

Participación de empresas na catalogación

Artigo 16. *Formas de participación.*

1. A participación das empresas na catalogación será diferente en función da súa propia natureza; poderanse distingui-las tres categorías seguintes:

- Empresas de servicios de catalogación.
- Empresas subministradoras con departamento de catalogación.
- Outras empresas subministradoras.

2. Nos dous primeiros casos, será preceptiva a acreditación da capacidade correspondente para realizar por

si as actividades técnicas requiridas para a catalogación de artigos, en condicións de calidade e seguridade. Para tal efecto, estas empresas deberán posuír un certificado de recoñecemento que as autorice para efectuar os devanditos traballos.

3. As empresas recoñecidas colaborarán directamente co Servicio de Catalogación de Defensa, a través dun ou máis dos seus chanzos, recibindo do devandito servicio instrucións específicas e apoio pactado.

4. As empresas subministradoras con departamento de catalogación propio poderán atender, por si mesmas, as súas propias obrigas de catalogación ou as dalgunha outra empresa asociada, correspondentes a aqueles contratos de subministración ó órgano central do Ministerio de Defensa, ás Forzas Armadas, á Garda Civil ou a outros países, en que así se estipule.

5. As empresas de servicios poderán realizar traballos de catalogación contratados directamente polo órgano central do Ministerio de Defensa, as Forzas Armadas ou a Garda Civil a estas empresas e, ademais, estarán autorizadas para realizar iguais traballos, como subcontratistas, para outros subministradores contratistas dos anteriormente indicados órgano central, Forzas Armadas e Garda Civil ou outros países, que elixan o seu concurso para cumprilas súas obrigas contractuais de catalogación con Defensa.

6. Outras empresas subministradoras, que decidan non acometer en por si a realización de traballos de catalogación, poderán subcontratar estes a empresas de servicios de catalogación recoñecidas ou apoiarse nas capacidades doutra empresa asociada, polo que, en ningún caso, a falta de capacidade propia para a realización de tarefas de catalogación será motivo de exclusión para a licitación naqueles contratos do órgano central do Ministerio de Defensa, das Forzas Armadas ou da Garda Civil, nos que se estipule a obriga da catalogación do material obxecto da subministración.

7. En calquera caso, a participación na catalogación por parte das empresas establecerase mediante as funcións e procedementos que o terceiro ou seguintes chanzos de catalogación correspondentes lles asignen, en cada momento, para o preciso cumprimento das esixencias de catalogación estipuladas nos diferentes contratos de subministración.

Artigo 17. *Recoñecemento de empresas catalogadoras.*

1. O recoñecemento como empresas catalogadoras será realizado polo director xeral de Armamento e Material, mediante expedición do correspondente certificado.

2. O director xeral de Armamento e Material resolverá os expedientes de recoñecemento, por proposta da Comisión Técnico-Asesora.

3. O prazo de validez do recoñecemento fixarase na resolución do expediente.

4. A resolución do expediente de recoñecemento seralle comunicada á empresa.

5. A acreditación concedida mediante certificado de recoñecemento poderá ser renovada por períodos iguais ó inicial, tantas veces como se considere conveniente. Esta renovación poderá producirse por instancia da Comisión Técnico-Asesora ou da propia empresa e estará condicionada ó mantemento da súa capacidade no momento da concesión do recoñecemento inicial.

6. En calquera caso a Comisión Técnico-Asesora, cando o considere conveniente, poderá designar representantes para comproba-lo mantemento das condicións que permitiron a concesión do recoñecemento.

7. Cando se observe, por parte dun ou de máis dos organismos integrantes do Servicio de Catalogación de Defensa, un incumprimento pola empresa das condicións que permitiron o recoñecemento ou se comprobe

unha actuación dela non axustada á normativa aplicable ou ás instrucións do devandito servicio, poderase deixar sen efecto a acreditación concedida e os posibles apoios pactados, logo de coñecemento e conformidade da Comisión Técnico-Asesora e proposta correspondente de revogación ó director xeral de Armamento e Material do correspondente expediente de recoñecemento.

8. A Unidade de Catalogación da Dirección Xeral de Armamento e Material levará un rexistro actualizado das empresas que fosen recoñecidas e acreditadas como empresas catalogadoras.

Artigo 18. *Requisitos para o recoñecemento.*

Para ser recoñecidas como empresas catalogadoras e para obter ou mante-la correspondente acreditación, as empresas terán que satisfacer os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no Rexistro de Empresas da Dirección Xeral de Armamento e Material.

b) Ter subscrito un acordo de seguridade industrial coa Dirección Xeral de Armamento e Material ou, no seu defecto, acreditar a posesión da Habilitación Persoal de Seguridade OTAN, en grao mínimo confidencial, polas persoas que constitúan ou vaian formar parte do departamento de catalogación da empresa.

c) Dispoñer de persoal coa cualificación técnica necesaria para levar a cabo tarefas de catalogación, recoñecida mediante avaliación e informe favorable da Comisión Técnico-Asesora.

d) Subscribir e cumprilos termos do acordo específico que regule en cada caso a mutua colaboración e apoio coa Unidade de Catalogación da Dirección Xeral de Armamento e Material.

Artigo 19. *Procedemento para o recoñecemento.*

As empresas que desexen ser recoñecidas como empresas catalogadoras, deberán someterse ó seguinte proceso:

a) Solicitude: a solicitude seralle remitida ó director xeral de Armamento e Material, xunto coa documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos estipulados nos parágrafos a), b) e c) do artigo 18 anterior.

b) Avaliación: a Comisión Técnico-Asesora de Catalogación avaliará a capacidade da empresa solicitante para a realización das actividades para as que solicita o recoñecemento; para ese efecto a devandita comisión designará en cada caso os representantes que considere oportunos, os cales se constituirán en grupo de traballo xeralmente dirixidos e coordinados por un representante do órgano central do Servicio de Catalogación de Defensa.

Durante a avaliación valoraranse, como mínimo, os aspectos relativos a:

1. Xestión e organización xeral da empresa e do departamento de catalogación dela.

2. Cualificación técnica do persoal catalogador.

3. Sistema de calidade aplicable á catalogación.

4. Sistema de seguridade para o manexo e custodia de documentación clasificada.

5. Dispoñibilidade e vixencia de Acordo de Seguridade Industrial ou Habilitación Persoal de Seguridade OTAN polos compoñentes do departamento de catalogación.

6. Idoneidade e dispoñibilidade de medios informáticos e documentais de apoio relacionados.

7. Experiencia de traballos no mesmo campo.

c) Resolución: unha vez finalizada e informada satisfactoriamente a avaliación, o director xeral de Armamento e Material, por proposta da citada Comisión Técnico-

co-Asesora, canalizada a través da Unidade de Catalogación como órgano central do Servicio de Catalogación de Defensa, acreditará a empresa solicitante mediante a expedición do oportuno certificado de recoñecemento. No caso de que se rexeite a solicitude comunicarllo, así mesmo, á empresa solicitante, que poderá interpoñer recurso dealzada ante o secretario de Estado da Defensa, a decisión do cal porá fin á vía administrativa.

d) Prazos e actos presuntos: o prazo para notificar a resolución será de seis meses contados a partir da entrada da solicitude no rexistro xeral da Dirección Xeral de Armamento e Material, así como calquera outro rexistro do Ministerio de Defensa, entendéndose que a falta de notificación da resolución expresa da solicitude no prazo marcado ten carácter estimatorio dela.

Artigo 20. *Acordos de colaboración e cooperación.*

1. Para o mellor desenvolvemento das competencias da Dirección Xeral de Armamento e Material no campo da catalogación, cando proceda, poderanse establecer acordos de cooperación e colaboración con este tipo de empresas recoñecidas e acreditadas. Estes acordos terán por obxecto regular as mutuas relacións, compromisos, apoios e contraprestacións para a maior fluidez e eficacia da devandita colaboración e serán formalizados entre o subdirector xeral de Inspección e Servizos Técnicos en representación da Dirección Xeral de Armamento e Material, e un representante da empresa con cargo equivalente.

2. Os acordos regularán a cesión ás empresas de medios documentais, software de catalogación e ficheiros de apoio ó devandito software propiedade de Defensa, para garanti-la uniformidade e correcta realización das actividades de catalogación por elas, sen que esta cesión ou utilización afecte a titularidade dos devanditos medios nin o seu carácter restrinxido ou de difusión limitada.

3. Así mesmo, os acordos recollerán as obrigas e contraprestacións a que se comprometerán as empresas dependendo do grao de apoio anterior pactado.

4. Estes acordos serán periodicamente revisados pola Comisión Técnico-Asesora de Catalogación, e poderán ser obxecto de modificación nos seus termos segundo aconsellen as circunstancias do momento e o mutuo interese.

CAPÍTULO IV

Obtención e seguimento da catalogación de artigos

Artigo 21. *Cláusula contractual de catalogación.*

De conformidade co STANAG 4177, ratificado por España, que establece o procedemento de obtención dos datos necesarios para a catalogación de artigos de fornecemento por vía contractual, en tódolos contratos de adquisición de materiais e recambios, que se subscriban entre o órgano central do Ministerio de Defensa, as Forzas Armadas e a Garda Civil, esta última respecto ó material de uso específico de defensa, con empresas ou organismos contratistas nacionais ou estranxeiros, a catalogación dos artigos non catalogados previamente esixírase contractualmente, para o que, no contrato, se incluíra entre as súas cláusulas unha de catalogación na que se estipularán os seguintes puntos:

a) A obriga do contratista de proporcionar, ó chanzo de catalogación competente que se designe e no prazo que se estableza, primeiramente unha lista coa identidade do fabricante verdadeiro e o número de peza e nome ou designación con que o devandito fabricante

identifica cada artigo obxecto do contrato e, se é o caso, dos recambios acordados como necesarios para aseguralo servizo de mantemento deles pola organización loxística usuaria e, ademais, cantos documentos de carácter técnico suficiente se lle requiran por seren necesarios para establecer e controlalos datos de identificación dos artigos.

b) A obriga do contratista de lle proporcionar, igualmente, ó chanzo de catalogación designado como competente e no prazo que se estableza, a documentación técnica definitiva das características físicas e funcionais daqueles artigos da lista anterior que resulten non estar catalogados ou as propostas de identificación deles, de conformidade co Sistema OTAN de Codificación e as normas e instrucións do citado chanzo competente e, adicionalmente, as que se puidesen especificar nos pregos de prescricións do contrato.

c) A responsabilidade única do contratista respecto á obtención dos seus subcontratistas ou provedores, dos datos técnicos necesarios para a identificación dos artigos que hai que catalogar, así como da presentación en prazo destes datos ou das propostas de catalogación correspondentes ante o chanzo competente.

d) A obriga do contratista de proporcionar os datos de actualización relativos a tódalas modificacións de identificación ou fabricación incorporadas ós materiais ou pezas de recambio relacionados na lista indicada no parágrafo a) anterior, que poidan acontecer durante a execución e garantía do contrato, así como cantos outros datos complementarios ou de xestión sexan de interese para a organización loxística usuaria.

e) A obriga do contratista de xustificar o cumprimento da catalogación estipulada nesta cláusula, mediante certificado que deberá solicitar do chanzo de catalogación designado como competente para o contrato e que será necesario para a liquidación del; entenderase non finalizada a entrega dos bens obxecto do contrato entretanto non cumpra plenamente coas obrigas de catalogación estipuladas, ás que, expresamente, se lles conferirá o carácter de obrigas principais e inherentes á propia entrega dos artigos, de modo que o seu incumprimento deberá te-lo mesmo tratamento e efectos có incumprimento da obriga da entrega.

MINISTERIO DO INTERIOR

481 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1250/2001, do 19 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de provisión de destinos do persoal do Corpo da Garda Civil. («BOE» 9, do 10-1-2002.)*

Advertido erro no Real decreto 1250/2001, do 19 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de provisión de destinos do persoal do Corpo da Garda Civil, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número en lingua galega, do de de , procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina , columna, no preámbulo, parágrafo segundo, liña sexta, onde di: «... a que fai referencia o artigo 61, número 6...», debe dicir: «... a que fai referencia o artigo 6, número 6...».